



2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAMEN EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Quen determina o soldo a cobrar polo persoal estatutario dos distintos Servizos de Saúde?

- A) Os orzamentos de cada Comunidade Autónoma.
- B) A Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
- C) Un Decreto do Ministerio de Sanidade, acordado polos integrantes do Consello Nacional de Saúde.
- D) O Goberno do Estado, previo acordo cos titulares de Sanidade e Facenda das distintas Comunidades Autónomas.

2. De acordo co Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, cal das seguintes opcións describe correctamente a afiliación á Seguridade Social?

- A) A afiliación á Seguridade Social é opcional e só está dispoñible para empregados a tempo completo.
- B) A afiliación á Seguridade Social é obrigatoria para empregados e empregadores, e proporciona beneficios como atención médica e xubilación.
- C) Todos os cidadáns están automaticamente afiliados á Seguridade Social ao nacer ou, no seu caso, ao adquirir a nacionalidade Española.
- D) Só os traballadores autónomos teñen a opción de afiliarse á Seguridade social.

3. Cal é a resposta correcta sobre a Comisión Central de Documentación Clínica para a Historia Clínica Electrónica?

- A) É o órgano asesor da Consellería competente en materia de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en materia de xestión da documentación clínica.
- B) O período de nomeamento dos seus membros será de catro anos.
- C) Está formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e catro vocais.
- D) Existe unha Comisión Central de Documentación Clínica en cada Servizo de documentación clínica do Servizo Galego de Saúde.

4. Atendendo ás fases do gasto reguladas no artigo 73 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de Outubro, indique cal é a resposta correcta en relación á autorización do gasto.

- A) É o acto en virtude do cal a autoridade competente acorda a realización dun gasto, calculado en forma certa ou aproximada.
- B) Tramítase e autoriza sempre a través da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
- C) A autorización do gasto só realizarase cando a tesourería confirme o remanente destinado a dito gasto.
- D) Ningunha é correcta.

5. A caducidade da tarxeta sanitaria galega:

- A) Caduca e renóvase sempre aos 5 anos da súa emisión.
- B) Está vixente mentres o/a cidadán/á consta de alta no Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria.
- C) Está vixente durante os 10 primeiros anos da súa emisión, tras o cal renovarase por outros 10 anos máis.
- D) Caduca segundo o tipo de prestacións que teña asociadas o/a usuario/a.

6. Que información se perde cando apagamos o computador?

- A) A contida no disco duro.
- B) A contida na memoria RAM.
- C) A contida na memoria ROM.
- D) Non se perde información ao apagar o computador.

7. Cal dos seguintes NON é un navegador da internet?

- A) Vivaldi.
- B) Brave.
- C) Safari.
- D) Aurion.

8. O órgano encargado da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia relativas ao Sistema de Arquivos de Galicia, así como da cooperación cos diversos arquivos, centros e sistemas integrados é:

- A) O Consello de Arquivos de Galicia.
- B) A Consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental.
- C) O Arquivo do Reino de Galicia.
- D) O Consello de Avaliación Documental de Galicia.

9. O máximo responsable da Unidade de Admisión é:

- A) A Xerencia de cada centro hospitalario.
- B) Un médico de Admisión e documentación clínica.
- C) A Dirección de Atención hospitalaria.
- D) A Dirección Asistencial.

10. A efectos da Lei 41/2002, de 14 de novembro, enténdese por historia clínica:

- A) O soporte de calquera tipo ou clase que contén un conxunto de datos e informacións de carácter asistencial.
- B) Todo dato, calquera que sexa a súa forma, clase ou tipo, que permite adquirir ou ampliar coñecementos sobre o estado físico e a saúde dunha persoa.
- C) O conxunto de documentos que conteñen os datos, valoracións e informacións de calquera índole sobre a situación e a evolución clínica dun paciente ao longo do proceso asistencial.
- D) O conxunto de documentos emitidos polo persoal médico responsable nun centro sanitario, que especifica os datos dun paciente, as actividades asistenciais prestadas, diagnósticos e recomendacións terapéuticas.

11. Dende o 28 de decembro de 2022 estableceuse a compatibilidade da actividade desempeñada por determinados facultativos médicos coa percepción dunha porcentaxe da pensión contributiva de xubilación. De tal xeito, poden acollerse a ela:

- A) Médicos de familia e pediatras, adscritos ou non, ao Sistema Nacional de Saúde.
- B) Médicos de familia e pediatras, adscritos ao Sistema Nacional de Saúde con nomeamento estatutario ou funcionario.
- C) Facultativos de atención primaria adscritos ao Sistema Nacional de Saúde con nomeamento estatutario, quedando excluídos aqueles que teñan nomeamento funcionario.
- D) A resposta B é correcta, e ademais aqueles facultativos de atención primaria adscritos ao Sistema Nacional de Saúde, estatutarios ou funcionarios, que accedesen á pensión contributiva de xubilación e se reincorporen ao servizo activo, sempre que o feito causante da devandita pensión tivese lugar a partir do 1 de xaneiro de 2022.

12. De conformidade co artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa:

- A) A notificación farase por medio do anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado.
- B) A notificación farase por medio do anuncio no taboleiro de edictos do concello do seu domicilio.
- C) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.
- D) Haberá de tentarse unha segunda notificación nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes.

13. Segundo o establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son actos que poñen fin á vía administrativa:

- A) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade penal.
- B) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha lei estableza o contrario.
- C) A resolución dos procedementos complementarios en materia administrativa.
- D) As resolucións dos recursos contencioso-administrativo.

14. Segundo o artigo 44 da Lei de Contratos do Sector Público, poderán ser obxecto de recurso especial en materia de contratación as seguintes actuacións:

- A) Os acordos de rescate de concesións.
- B) Os acordos de adxudicación.
- C) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- D) Todos os anteriores.

15. A definición de código como elemento da comunicación:

- A) É o conxunto de símbolos e signos empregados para construír a mensaxe.
- B) É o conxunto de factores e circunstancias nas que se produce a mensaxe.
- C) É aquilo que se quere transmitir.
- D) É o medio ou vehículo a través do cal se transmite a mensaxe.

16. O traslado dun paciente a outro hospital ou centro considérase:

- A) Traslado de cama.
- B) Alta hospitalaria.
- C) Exitus.
- D) Prealta.

17. A través de que porto podemos conectar un monitor a un PC?

- A) HDMI.
- B) VGA.
- C) DVI.
- D) Todos os anteriores.

18. A comunicación oral e escrita, dependendo da súa dirección, pode ser:

- A) Unidireccional.
- B) Bidireccional.
- C) Multidireccional.
- D) Todas son correctas.

19. Segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa lexítima ao interesado para entender estimada a súa pretensión.

- A) En todo caso.
- B) Sempre que o procedemento se inicie de oficio.
- C) Sempre que o procedemento se iniciase a solicitude do interesado.
- D) Nunca.

20. O enderezo IP:

- A) Identifica unha rede ou dispositivo en Internet.
- B) Pode ser fixa ou dinámica.
- C) É un número de 32 bits.
- D) Todas son correctas.

21. A normativa pola que se regulan as modalidades dos nomeamentos de persoal estatutario temporal do Sistema público de Saúde de Galicia é:

- A) A Lei 2/2007, do 7 de marzo.
- B) A Orde 4/2019, do 14 de novembro, da Consellería de Sanidad Universal y Salud Pública.
- C) O Decreto 81/2021, do 7 de xullo, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- D) A Orde do 7 de xuño de 2021, da Consellería de Sanidade

22. A declaración de instrucións previas NON poderá formalizarse mediante algún dos procedementos seguintes:

- A) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculadas por relación patrimonial co outorgante.
- B) Ante o persoal do Rexistro Galego de Instrucións Previas, nas condicións que se establezan regulamentariamente.
- C) Ante o persoal da Unidade de admisión e documentación clínica, que a integrará na historia clínica do paciente.
- D) Ante Notario.

23. A que corresponde o CITE na tarxeta sanitaria individual?

- A) Código de identificación persoal da persoa titular da tarxeta.
- B) Código de identificación da Comunidade Autónoma de Galicia, como entidade emisora da Tarxeta Sanitaria Individual no Sistema Nacional de Saúde.
- C) Código identificativo que acredita ao titular na asistencia sanitaria dentro de todo o territorio nacional.
- D) Número de identificación do usuario, identificativo e obrigatorio para calquera cidadán que sexa beneficiario de pensións, subsidios ou prestacións da Seguridade Social.

24. Windows 10 é un sistema operativo:

- A) Monotarefa.
- B) Multitarefa.
- C) De proceso por lotes.
- D) Ningunha das anteriores.

25. Segundo o artigo 15 da Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, formarán parte do contido mínimo da historia clínica:

- A) A evolución.
- B) A folla de interconsulta.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) As respostas A e B son correctas unicamente cando se trate de procesos de hospitalización.

26. Cal é o órgano encargado da emisión da tarxeta sanitaria na nosa comunidade autónoma?

- A) A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- B) A Consellería de Sanidade.
- C) O Ministerio de Sanidade.
- D) A Xunta de Galicia.

27. Segundo o artigo 35 da Lei de Contratos do Sector Público, os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público, salvo que xa se atopen recollidas nos pregos, deberán incluír necesariamente:

- A) As condicións de pago.
- B) A identificación das partes.
- C) Os supostos nos que procede a resolución.
- D) Todas son correctas.

28. A Lei 3/2001, do 28 de maio, que regula o consentimento informado e a historia clínica dos pacientes, será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.
- B) Nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sempre que sexan concertados co Servizo Galego de Saúde.
- C) Unicamente nos centros e establecementos sanitarios públicos.
- D) Unicamente nos centros e establecementos privados concertados co Servizo Galego de Saúde.

29. Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos das administracións públicas nulos de pleno dereito son:

- A) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- B) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
- C) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- D) Todas son correctas.

30. No Decreto 206/2005, de 11 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, segundo o seu artigo 31 que trata da mobilidade forzosa no ámbito da área sanitaria, é correcto afirmar que:

- A) Excepcionalmente a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas poderá cambiar, con carácter temporal, ao persoal de posto de traballo, sempre que a medida estea xustificada por razóns imperativas da organización sanitaria e previo informe dos órganos de representación sindical.
- B) Excepcionalmente os directores ou xerentes dos centros e establecementos sanitarios do Servizo Galego de Saúde ou, no seu caso, os directores das áreas sanitarias poderán cambiar con carácter exclusivamente temporal ao persoal de posto de traballo, localidade ou centro, dentro da mesma área sanitaria.
- C) Excepcionalmente os directores ou xerentes dos centros e establecementos sanitarios do Servizo Galego de Saúde ou, no seu caso, os directores das áreas sanitarias poderán cambiar, temporal ou definitivamente, ao persoal de posto de traballo, localidade ou centro, dentro da mesma área sanitaria.
- D) Cando a medida veña imposta por reordenación de carácter colectivo, farase en función da experiencia no servizo, para alcanzar a plena implantación coa maior eficiencia posible.

31. Segundo o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, entenderase por encargado do tratamento:

- A) A persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que determine os fins e medios do tratamento.
- B) A persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.
- C) A persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo ao que se comuniquen datos persoais, trátase ou non dun terceiro.
- D) Ningunha é correcta.

32. Segundo o artigo 23.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que recurso cabe contra o acordo que resolva sobre a ampliación do prazo máximo para resolver?

- A) Recurso de alzada.
- B) Recurso extraordinario de revisión.
- C) Non caberá ningún recurso.
- D) Recurso de reposición no prazo de 1 mes.

33. Segundo o artigo 93 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de Outubro, o control interno da actividade económico–financeira exerceo:

- A) A Xunta de Galicia.
- B) O Consello de Contas de Galicia.
- C) A Intervención Xeral.
- D) Cada organismo exercerá o control interno das súas actividades económico–financeiras.

34. Cando recibimos un correo electrónico de alguén que tenta facerse pasar polo noso banco para poder acceder á nosa información, falamos de:

- A) Phishing.
- B) Spam.
- C) Malware.
- D) Spyware.

35. Cal das seguintes NON é un tipo de rede informática?

- A) Rede WLAN.
- B) Rede CLAN.
- C) Rede MAN.
- D) Todas son redes informáticas.

36. O artigo 39.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, di que:

- A) Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se ditén.
- B) Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos desde a data en que se ditén.
- C) Os actos producirán efectos desde a data en que se ditén.
- D) Os actos presumiranse válidos e producirán efectos.

37. Que tipo de documento contable é un MC?

- A) Non é un tipo de documento contable.
- B) Máis crédito.
- C) Modificación do crédito.
- D) Menos crédito.

38. A efectos da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, enténdese por documento:

- A) Toda expresión en linguaxe natural ou convencional e calquera outra expresión gráfica, sonora ou en imaxe, recollidas en calquera tipo de soporte material, incluso os soportes informáticos. Exclúense os exemplares non orixinais de edicións.
- B) Toda expresión en linguaxe natural ou convencional e calquera outra expresión gráfica, sonora ou en imaxe, recollidas en calquera tipo de soporte material, incluíndo os exemplares non orixinais de edicións.
- C) Toda expresión en linguaxe natural ou convencional e calquera outra expresión gráfica, sonora ou en imaxe, recollidas en calquera tipo de soporte material. Exclúense os soportes informáticos e os exemplares non orixinais de edicións.
- D) Ningunha é correcta.

39. Enténdese por stock dun almacén:

- A) O número de artigos que contén un almacén.
- B) Cantidade máxima dun artigo que contén un almacén.
- C) Conxunto de artigos do almacén, establecidos de forma que exista unha cantidade máxima e unha cantidade mínima que permita o abastecemento controlado.
- D) Ningunha é correcta.

40. Segundo o artigo 38 da Lei de Contratos do Sector Público, os contratos celebrados polos poderes adjudicadores, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23, serán inválidos:

- A) Cando concorran neles algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do dereito civil.
- B) Cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou do procedemento de adjudicación, por concorrer nos mesmos algunha das causas de dereito administrativo a que se refiren os artigos seguintes.
- C) Naqueles casos en que a invalidez derive da ilegalidade do seu clausulado.
- D) Todas son correctas.

41. Segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a eficacia do acto quedará demorada:

- A) Cando así o esixa o contido do acto ou estea supeditada á súa notificación, publicación ou aprobación superior.
- B) Cando a eficacia estea supeditada á súa notificación.
- C) Cando a eficacia estea supeditada á súa publicación.
- D) Cando a eficacia estea supeditada a aprobación superior.

42. Cal dos seguintes NON é un sistema operativo?

- A) Ubuntu.
- B) Debian.
- C) Opera.
- D) Unix.

43. A comunicación verbal:

- A) Carece de estrutura sintáctica.
- B) Pode realizarse a través de palabras escritas ou faladas.
- C) Non inclúe a escritura.
- D) É o proceso de comunicación mediante envío e recepción de mensaxes sen palabras.

44. O artigo 6 de Licitude do tratamento do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, estipula que o tratamento só será lícito se se cumpre polo menos unha das seguintes condicións.

Localice a resposta INCORRECTA:

- A) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
- B) O tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a pedimento deste de medidas precontractuais.
- C) O tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa xurídica.
- D) A e B son correctas.

45. En canto á compatibilidade da pensión contributiva de xubilación co traballo dos facultativos de atención primaria, médicos de familia e pediatras adscritos ao Sistema Nacional de Saúde é certo que:

- A) A compatibilidade aplicarase en caso de xornada a tempo completo, así como no caso de xornada parcial sempre que a redución de xornada sexa, en todo caso, do 50% respecto da xornada dun traballador a tempo completo comparable.
- B) Non poderá acollerse a esta modalidade de compatibilidade o beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social que, ademais de desenvolver as funcións como facultativo médico de atención primaria, realice calquera outro traballo por conta allea ou propia que dea lugar a súa inclusión no campo de aplicación do Réxime Xeral ou dalgún dos réximes especiais da Seguridade Social.
- C) As cotizacións indicadas terán efectos para diminuír ou, no seu caso, suprimir, o coeficiente redutor que se aplicou, no momento de causar dereito á pensión.
- D) Todas as respostas son correctas.

46. A interacción de Windows 10 co usuario realízase a través de:

- A) Interface gráfica de usuario.
- B) Interface de liña de comandos.
- C) Interface de realidade virtual.
- D) Interface de realidade aumentada.

47. Segundo as instrucións xerais de recepción da plataforma loxística sanitaria de Galicia, só se recollerá merancia en palets tipo:

- A) Europeo (1200 x 800 mm) e dunha altura máxima de 1850 mm e 600 kg.
- B) Admitiranse palets remontados, sempre que non superen as medidas anteriores.
- C) A e B son correctas
- D) Todas son incorrectas

48. Segundo o artigo 34 do (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, cando sexa probable que unha violación de seguridade dos datos persoais entrañe un alto risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, o responsable do tratamento comunicarao ao interesado:

- A) Sen dilación algunha.
- B) Dentro do día seguinte ao seu coñecemento.
- C) No prazo máximo de 24 horas desde que se ten coñecemento de que poida ocorrer.
- D) A resposta C é correcta, e o prazo prolóngase ás 72 horas no caso de que ocorra en fin de semana.

49. Dentro do campo das subministracións, atendendo ás mercadorías e, concretamente, en canto ao material funxible, podemos definir como:

- A) Desbotable: o que se utiliza en repetidas ocasións ata a súa deterioración e posteriormente se desbota.
- B) Reutilizable: aquel que despois do seu uso pode volver utilizarse novamente sen proceso algún de renovación.
- C) Imperecedero: non se consome co seu uso.
- D) Ningunha é correcta

50. Segundo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais, quen procurará que os menores fagan un uso equilibrado e responsable dos dispositivos dixitais?

- A) Os poderes públicos.
- B) As forzas e corpos de seguridade do estado, especialmente a Unidade de Delitos Tecnolóxicos.
- C) As autoridades de educación das respectivas comunidades autonómicas.
- D) Os pais, nais, tutores, curadores ou representantes legais.

51. Pertencen ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia os arquivos de xestión e centrais dos seguintes órganos e entidades:

- A) Os órganos de goberno e administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) As sociedades do Sector Público Autonómico.
- C) As fundacións do Sector Público Galego.
- D) Todas son correctas.

52. A idade de acceso á xubilación ordinaria no ano 2023 e a carencia específica esixida son:

- A) 65 anos, tendo cotizado 37 anos e catro meses ou máis; 66 anos e 4 meses se non se acredita tal cotización. E, con carácter xeral, unha carencia específica de polo menos 2 anos comprendidos dentro dos 10 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
- B) 65 anos, tendo cotizado 37 anos e catro meses ou máis; 66 anos e 4 meses se non se acredita tal cotización. E, con carácter xeral, unha carencia específica de polo menos 2 anos comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
- C) 65 anos, tendo cotizado 37 anos e seis meses ou máis; 66 anos se non se acredita tal cotización. E, con carácter xeral, unha carencia específica de polo menos 2 anos comprendidos dentro dos 10 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
- D) 65 anos, tendo cotizado 37 anos e seis meses ou máis; 66 anos se non se acredita tal cotización. E, con carácter xeral, unha carencia específica de polo menos 2 anos comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.

53. Segundo o pacto de contratación vixente (DOG do 30/06/2016), son requisitos comúns:

- A) Ter nacionalidade española, dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos Tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non superar os 65 anos, o cumprimento desta última supón a baixa inmediata da condición de aspirante na lista.
- C) Posuír a titulación que, segundo se fai constar no modelo da instancia, habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela na data de incorporación efectiva á praza obxecto do chamamento.
- D) Todas son correctas.

54. No Réxime Xeral da Seguridade Social, as altas solicitadas polo empresario fóra de prazo:

- A) Non terán efecto retroactivo, salvo que se tivese producido ingreso de cotas en prazo regulamentario, nese caso a alta retrotraerá os seus efectos á data en que se ingresaron as primeiras cotas correspondentes ao traballador de que se trate.
- B) Terán efecto retroactivo.
- C) Non terán efecto retroactivo, salvo solicitude motivada polo empregador.
- D) Terá, en todo caso, efecto retroactivo pois redunda no beneficio do traballador.

55. Sinale a resposta correcta en relación á comunicación:

- A) Emisor, receptor, mensaxe, canle e código son elementos da comunicación.
- B) A comunicación sempre leva información.
- C) A comunicación non verbal inclúe a postura e os xestos.
- D) Todas son correctas.

56. No seu primeiro día a Adrián entréganlle o mapa do almacén de farmacia que corresponde a:

- A) A distribución dos fármacos nos andeis segundo especialidades.
- B) O plano da farmacia respecto ao Hospital.
- C) Non existe o mapa de almacén.
- D) Un deseño ou esbozo para identificar as zonas máis importantes, como área de carga, descarga, recepción, almacenaxe e expedición.

57. Segundo o establecido no artigo 34 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- A) Os actos administrativos que diten as administracións públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado, producíranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.
- B) O contido dos actos axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e adecuado aos fins daqueles.
- C) A e B son correctas.
- D) Todas son falsas.

58. Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación cos actos administrativos, serán motivados:

- A) Os que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- B) Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, da ampliación de prazos e da realización de actuacións complementarias.
- C) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados.
- D) Todas son correctas.

59. Segundo a L.O.P.D. 3/2018, do 5 de decembro, a información básica do tratamento de datos deberá conter, polo menos:

- A) A identidade do responsable do tratamento e do seu representante, no seu caso.
- B) A finalidade do tratamento.
- C) A posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679.
- D) Todas son correctas.

60. No LibreOffice Writer, se acabamos de crear un documento novo e a continuación inserimos o número de páxina desde o menú Inserir:

- A) Insere o número de páxina ao comezo do documento.
- B) Insere o número de páxina automaticamente no pé do documento.
- C) Insere o número de páxina automaticamente na cabeceira do documento.
- D) Insere o número de páxina ao comezo do documento e farao en cada páxina que engadamos.

61. En relación ao uso da tarxeta sanitaria "AA" sinala a resposta correcta:

- A) O portador desta tarxeta terá sempre e en todo caso preferencia tanto nas Consultas Externas como para a realización de probas diagnósticas.
- B) O facultativo pode valorar dar prioridade a outro paciente ante unha urxencia clínica, debendo respectarse esta decisión.
- C) Terá preferencia só se acompaña a tarxeta co informe médico acreditativo de ser beneficiario de dita prestación.
- D) Terá preferencia só se é menor de idade.

62. Segundo o artigo 54 da Lei de Contratos do Sector Público, as comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento, faranse por:

- A) Correo certificado.
- B) Entrada en calquera rexistro da Administración.
- C) Medios electrónicos.
- D) Calquera dos medios anteriores.

63. Na comunicación cos pacientes e/ou os seus familiares, é importante:

- A) Favorecer a comunicación do paciente, presionándoo para falar coa finalidade de que nos dea a máxima información posible.
- B) Na medida do posible, non debe interromperse ao paciente cando trata de expresar algunha preocupación, doenza ou sentimento.
- C) Empregar tecnicismos científicos para dar a maior información posible.
- D) Emitir xuízos de valor ou opinión sobre o proceso do paciente.

64. A tarxeta sanitaria "AA" dun paciente ten como obxectivo:

- A) Favorecer a accesibilidade a determinados servizos sanitarios dos pacientes diagnosticados daquelas patoloxías que o Servizo Galego de Saúde sinala, así como dos seus cuidadores.
- B) Citar aos seus propietarios como preferentes en todas as consultas ás que teñan que acudir.
- C) Dar preferencia aos seus propietarios en calquera intervención cirúrxica á que se deban someter.
- D) Dar acceso aos seus propietarios de maneira preferente nos servizos de urxencias, sen pasar pola triaxe.

65. Sobre a validez e eficacia das copias realizadas polas Administracións Públicas, sinala a opción correcta:

- A) Os interesados poderán solicitar, en calquera momento, a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos que fosen validamente emitidos polas Administracións Públicas.
- B) A solicitude de copias auténticas de documentos públicos dirixirse ao órgano que emitiu o documento orixinal, debendo expedirse sempre no prazo de 20 días desde a recepción da solicitude no rexistro.
- C) As Administracións Públicas non estarán obrigadas a expedir copias auténticas electrónicas de calquera documento en papel que presenten os interesados e que se vaia incorporar a un expediente administrativo.
- D) A expedición de copias auténticas de documentos públicos notariais, rexistrais e xudiciais rexirase pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

66. Na nómina de Carlos está reflectido un epígrafe que retribúe as condicións particulares do seu posto por dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, penosidade, perigosidade ou incompatibilidade, que corresponde con:

- A) Complemento de destino.
- B) Complemento específico.
- C) Complemento de produtividade.
- D) Carreira profesional.

67. Que é unha tarxeta sanitaria do tipo "AA"?

- A) Tarxeta para tratar de minimizar, no posible, as esperas nas consultas dos centros de saúde, consultas externas, servizos de urxencia e hospitalización, e permitir estar aos acompañantes.
- B) Non existe tal distintivo nas tarxetas sanitarias.
- C) Para distinguir aos pacientes que dispoñen desta atención preferente, na súa tarxeta sanitaria constará a lenda "AA" na esquina superior esquerda.
- D) A e C son correctas.

68. Se buscamos un dispositivo de almacenamento que sexa o máis rápido posible, cal das seguintes sería a mellor opción?

- A) Disco duro SATA.
- B) Disco duro SSD.
- C) Memoria Flash USB.
- D) Gravadora de DVD

69. Que é o código do Sistema Nacional de Saúde (código SNS) e en que parte da tarxeta sanitaria se atopa?

- A) Trátase do código de barras identificativo de cada usuario do sistema de saúde. Atópase no reverso da tarxeta.
- B) Non existe dito código nos datos da tarxeta sanitaria.
- C) Código de identificación persoal único para todo o Sistema Nacional de Saúde. Atópase no anverso da tarxeta.
- D) Atópase no reverso da tarxeta e trátase dun código identificativo persoal emitido pola Seguridade Social.

70. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a validación:

- A) Afecta aos actos nulos.
- B) Afecta aos actos anulables.
- C) Afecta os actos nulos, salvo a conversión.
- D) Afecta aos actos nulos, salvo a conservación.

71. Lorenzo está a realizar un inventario e considera que a existencia que debe saír é a máis antiga. Que método está a utilizar?

- A) Estándar.
- B) FIFO.
- C) LIFO.
- D) Simple e ponderado.

72. Segundo a OMS, que etapas debería vostede seguir para a correcta xestión do stock dun centro sanitario?

- A) Unha única etapa, de revisión anual.
- B) Dúas etapas: recompilación inicial de datos e revisión anual.
- C) Tres etapas: recompilación inicial de datos, actualización da información e revisión anual.
- D) Non é necesario xestionar os inventarios dun centro sanitario, vaise realizando a medida que saen os distintos artigos.

73. Segundo o artigo 77 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, poderán expedirse ordes de pago a xustificar nos supostos seguintes:

- A) Cando os ingresos non sexan suficientes para realizar o pago.
- B) Cando os documentos xustificativos non poidan achegarse antes de efectuar a proposta de pago.
- C) Cando se trate de entidades do Sector Público non incluídas na lei de orzamentos.
- D) Cando a orde de pago non veña directamente aprobada polo conselleiro.

74. Que requisitos deben cumprir os orzamentos segundo a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia?

- A) Ser equilibrado e de carácter plurianual.
- B) Que conteña as liñas básicas da actuación a medio prazo do sector público galego.
- C) Os obxectivos que se pretendan conseguir coa utilización dos recursos financeiros consignados nos mesmos.
- D) Todas son correctas.

75. No Windows 11, podo acceder ao administrador de tarefas:

- A) Premendo co botón dereito na barra de tarefas e seleccionando "Administrador de tarefas".
- B) Coas teclas Control + Alt + Supr e seleccionando "Administrador de tarefas".
- C) A e B son correctas.
- D) Non se pode acceder ao administrador de tarefas no Windows 11.

76. Daniel, perdeu a nacionalidade española. Atendendo ao Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos servizos de saúde, Lei 55/2003, do 16 de setembro, en que caso poderá recuperar a condición de estatutario?

- A) Só se acredita a desaparición da causa que a motivou.
- B) Nunca.
- C) En calquera momento, a petición de Daniel, tras informe favorable da dirección de Recursos Humanos.
- D) Transcorridos 5 anos, participando no concurso de traslados

77. Para conectar un rato ao computador, podemos facelo a través dun porto:

- A) PS/2.
- B) DVI.
- C) RJ-45.
- D) HDMI.

78. A Comisión de Consentimento Informado:

- A) Depende da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- B) Debe prestar asesoramento necesario aos órganos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde nas materias relacionadas coas súas funcións.
- C) Está composta por un Presidente, un Vicepresidente e catro vocais.
- D) Debe reunirse, polo menos, unha vez ao ano.

79. Segundo o artigo 82 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural:

- A) Permitíndose modificacións de crédito nos casos previamente xustificadas.
- B) Podendo ampliarse o prazo se a Consellería de Facenda e Administración Pública o considerase necesario.
- C) Sen prexuízo dos axustes necesarios cando as operacións que realicen os organismos autónomos e as axencias públicas autonómicas estean vinculadas a un ciclo produtivo distinto, que non poderá ser superior a doce meses.
- D) O exercicio orzamentario nunca poderá ampliarse máis alá do ano natural.

80. No explorador de arquivos de Windows, se quero seleccionar varios arquivos que non son correlativos:

- A) Irei seleccionando cada un dos arquivos co rato.
- B) Irei seleccionando cada un dos arquivos co rato mentres manteño pulsada a tecla Control.
- C) Irei seleccionando cada un dos arquivos co rato mentres manteño pulsada a tecla Alt.
- D) Irei seleccionando cada un dos arquivos co rato mentres manteño pulsada a tecla Maiúsculas.

81. O Servizo de Atención ao paciente:

- A) Estará ao dispor de atender persoalmente a pacientes, aos seus familiares próximos, representantes ou acompañantes.
- B) Non tramitará suxestións dos pacientes.
- C) Atenderá unicamente a aqueles usuarios que sexan beneficiarios da Seguridade Social.
- D) Depende da Unidade de Admisión.

82. Segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ten a todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento:

- A) Ningún silencio.
- B) O silencio estimatorio.
- C) O silencio desestimatorio.
- D) Ambos teñen a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.

	A
1	2
2	3
3	2
4	5
5	4
6	2

83. Segundo a imaxe, a fórmula =CONTAR.SI(A1:A6;2) devolve o valor:

- A) 6.
- B) 3.
- C) 5.
- D) 4.

84. No trato co cidadán:

- A) Debemos asegurarnos de dar a información correcta.
- B) Asumiremos que o cidadán sabe de temas da Administración.
- C) É conveniente automatizar as respostas.
- D) Empregaremos unha linguaxe técnica que achegue moita información.

85. Para poder imprimir nunha impresora, esta debe estar conectada:

- A) A través dun cable USB ao computador.
- B) A través dunha rede Ethernet.
- C) A unha red Wifi.
- D) Todas son correctas.

86. Luis, tras finalizar o contrato que o mantíña en suspensión de chamamentos da súa categoría, solicita con data 2 de novembro a reposición na lista de contratación na que se atopa rexistrado. Luis estará dispoñible para chamamentos:

- A) O día 15 de novembro.
- B) O día 1 de decembro.
- C) O primeiro día, da mesma quincena, do mes seguinte da comunicación da dispoñibilidade.
- D) As respostas B e C son correctas.

87. Segundo a Lei 7/2014, de 26 de setembro, de Arquivos e Documentos de Galicia, os arquivos públicos:

- A) Recollen, custodian e difunden os documentos producidos e recibidos polos órganos e entidades privadas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Integran todos os documentos producidos e reunidos por cada unha das distintas administracións públicas e as súas entidades instrumentais, aínda que estean distribuídos en distintos locais e instalacións por razóns de eficacia dos servizos públicos ou xestionados por sistemas automatizados.
- C) Contarán co persoal arquivista, técnico e administrativo suficiente para cubrir as súas necesidades, que debe dispoñer de titulación universitaria.
- D) Integran unicamente aos arquivos de xestión, aos centrais e intermedios.

88. Segundo o artigo 58 da Lei de Contratos do Sector Público, se o órgano competente apreciase temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa ao responsable da mesma de:

- A) Entre 5.000 e 30.000 euros.
- B) Entre 5.000 e 25.000 euros.
- C) Ata 5.000 euros.
- D) Entre 1.000 e 30.000 euros.

	A
1	1
2	2
3	3
4	4
5	5
6	

89. En relación á imaxe, cal sería o resultado da fórmula: =SUMA(A1:A3;A5;2)

- A) 17.
- B) 13.
- C) 15.
- D) Daría erro na fórmula.

90. **Monserrat, segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, ten dereito, do responsable do tratamento, á limitación do tratamento dos seus datos cando se cumpra:**

- A) O tratamento se ataña á legalidade e Monserrat se opón á supresión dos datos persoais e solicite no seu lugar a limitación do seu uso.
- B) Monserrat impugne a exactitude dos datos persoais, durante o prazo que permita ao responsable verificar a exactitude dos mesmos.
- C) A resposta B é correcta, pero o prazo é de 15 días naturais, a partir da recepción da impugnación.
- D) Monserrat non necesita ningunha condición para limitalos, e o responsable deberá levala a cabo, en todo caso, en menos de 48 horas.

91. **Na comunicación con pacientes en situación de agresividade, cal é a actitude correcta?**

- A) Manter unha posición corporal ameazadora, para que non nos perciba inseguros ou submisos.
- B) Cando o usuario empece a acougar, pedirlle que marche.
- C) Esperar a ter suficiente información, para coñecer o problema e a solución.
- D) Empregar o mesmo ton de voz que o usuario agresivo, para que nos escoite.

92. **Segundo o artigo 45 da Lei de Contratos do Sector Público, quedan exceptuados da obrigaón de preaviso de prórroga aqueles contratos cuxa duración fose inferior a:**

- A) 30 días.
- B) 1 mes.
- C) 2 meses.
- D) 3 meses.

93. Lucía, profesional do Servizo Galego de Saúde, cumprirá 65 anos o próximo 7 de xullo de 2024, tendo nese momento cotizados 37 anos e 6 meses. A que idade poderá acollerse á xubilación ordinaria?

- A) En todo caso aos 66 anos e 6 meses.
- B) Aos 65 anos, pois tivo 3 fillos, e o recoñecemento de días cotizados por parto é de 112 días por cada parto.
- C) Aos 66 anos e 6 meses, pois a pesar de ter 3 fillos, dado que non se atopaba en situación de activo, non se lle computan os días por parto.
- D) Aos 66 anos e 9 meses, pois non pode xubilarse ata 2026.

94. Sinala a resposta correcta en relación ao sistema de historia clínica electrónica (IANUS):

- A) Os profesionais, que precisen cumprimentar ou consultar a historia clínica electrónica dun paciente, utilizarán IANUS como única ferramenta de traballo.
- B) O sistema IANUS identificará de forma inequívoca e personalizada a todo profesional que tente acceder á información contida na historia clínica dun paciente e verificará a súa autorización.
- C) O sistema IANUS habilitará o acceso á información contida na historia clínica electrónica dun paciente por todos os profesionais que pertencen ao Servizo Galego de Saúde, que deben gardar o secreto profesional.
- D) Se o acceso ao sistema IANUS é denegado por non cumprirse os criterios de acceso, tal denegación non debe quedar rexistrada.

95. Javier, persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, exerce o seu dereito á folga legal convocada por unha Central Sindical o día 28 de febreiro. A cotización e retribucións respecto a ese día:

- A) Cotiza á Seguridade Social, pero non percibe retribucións.
- B) Non cotiza á Seguridade Social, nin percibe retribucións.
- C) Cotiza á Seguridade Social, e só por continxencias comúns.
- D) Javier debe facerse cargo da cotización dese día e non percibe retribucións.

96. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo de corrección de falta ou insuficiente acreditación da representación será:

- A) 15 días.
- B) 10 días, ou superior se as circunstancias do caso así o requiran.
- C) Nunca superior a 10 días.
- D) Non inferior a 10 días, nin superior a 15 días hábiles.

97. O Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia:

- A) É o sistema dixital que permite xestionar os documentos electrónicos en poder do Sector Público Autonómico.
- B) Está integrado tanto polo Arquivo Electrónico Administrativo como polo Arquivo Electrónico de Patrimonio Documental, de acordo coas políticas de xestión establecidas en cada caso.
- C) Terá un modelo específico que será de uso común entre os Órganos de Goberno e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do Sector Público Autonómico.
- D) Todas son correctas.

98. Sandra, profesional do Servizo Galego de Saúde, ten recoñecida a prestación económica por risco durante a lactación natural, que segundo o artigo 189 do RDL 8/2015, do 30 de outubro, extinguirase no momento en que o seu fillo cumpra:

A) Seis meses.

B) Nove meses.

C) Doce meses.

D) A resposta B é correcta salvo que a beneficiaria se reincorporase con anterioridade ao seu posto de traballo anterior ou a outro compatible coa súa situación, nese caso extinguirase o día anterior ao da devandita reincorporación.

99. Otorgarase o consentimento por substitución:

A) Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, a criterio de persoas a el vinculadas por razóns familiares ou de feito, tendo preferencia o cónxuxe ou parella de feito.

B) Cando o paciente sexa menor de idade.

C) Cando o seu representante legal o decida.

D) Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, por criterio do médico responsable da asistencia.

100. O título III da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, leva por título:

A) Da revisión dos actos administrativos.

B) Dos actos administrativos.

C) Dos interesados no procedemento.

D) Da conversión dos actos en vía administrativa.

101. Carlos, auxiliar administrativo eventual no Servizo Galego de Saúde, segundo o artigo 5 da L.O. 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, está suxeito ao deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1.f) do Regulamento (UE) 2016/679, que se manterá:

A) Aínda cando tivera finalizado a relación de Carlos co Servizo Galego de Saúde.

B) Durante os 4 anos seguintes á intervención no tratamento de datos correspondentes.

C) Durante os 6 anos seguintes á intervención no tratamento de datos correspondentes.

D) Durante os 5 anos seguintes, mentres teña unha relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

Nombre

Histórico

Factura

102. No explorador de arquivos de Windows, se queremos mover o arquivo "Factura" ao cartafol "Histórico":

- A) Seleccionaremos co rato o arquivo "Factura" e, sen soltar o botón do rato, arrastrarémolo ata o cartafol "Histórico".
- B) Seleccionaremos co rato o arquivo "Factura" e pulsaremos Control+X. A continuación entraremos no cartafol "Histórico" e pulsaremos Control+V.
- C) Seleccionaremos co botón dereito o arquivo "Factura" e pulsaremos en "Cortar". A continuación seleccionaremos co botón dereito o cartafol "Histórico" e pulsaremos en Pegar.
- D) Todas son correctas.

103. Que función nos devolve o día actual en LibreOffice Calc?

- A) =FECHA()
- B) =HOY()
- C) =FECHA(HOY())
- D) Non existe esa función.

104. No caso de que o paciente non acepte a alta:

- A) A dirección do centro, previa comprobación do informe clínico correspondente, oirá ao paciente e, se persiste na súa negativa, poñerá en coñecemento do xuíz.
- B) O equipo médico responsable, previo asesoramento coa dirección do centro, emitirá a alta forzosa.
- C) O equipo médico responsable daralle opción ao paciente para que asine a alta voluntaria.
- D) Emitirase a alta forzosa, previa comprobación do informe clínico correspondente.

105. Se teño varias xanelas abertas en Windows 10, como podo moverme por elas?

- A) Premendo co rato na icona correspondente da barra de tarefas.
- B) Premendo Alt + Tabulador.
- C) Premendo Alt + Maiúsculas + Tabulador.
- D) Todas son correctas.

106. Segundo o artigo 58 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución teña que iniciarse no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida con:

- A) Inversións e transferencias de capital.
- B) Gastos esporádicos ou imprevistos destinados a fins non programados.
- C) Activos financeiros.
- D) A e C son correctas.

107. Como podemos consultar as impresoras instaladas en Windows 11?

- A) Desde Configuración, seleccionamos "Sistema" e despois "Dispositivos".
- B) Desde Configuración, seleccionamos "Bluetooth e Dispositivos" e despois "Impresoras e escáneres".
- C) Desde Configuración, seleccionamos "Accesibilidade" e despois "Impresoras".
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

108. O consentimento informado prestarase por escrito nos casos seguintes:

- A) Intervención cirúrxica.
- B) Procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- C) En xeral, aplicación de procedementos que supoñen riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente.
- D) Todas son correctas.

109. Segundo o artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público, considérase menor o contrato de subministracións cuxo valor estimado sexa inferior a:

- A) 40.000 euros.
- B) 15.000 euros.
- C) 10.000 euros.
- D) 20.000 euros.

110. En relación ao consentimento informado é correcto que:

- A) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente e a súa obtención é un deber do persoal médico.
- B) O paciente ten dereito a decidir libremente entre as opcións clínicas dispoñibles, tras recibir a información adecuada.
- C) Sempre debe ser por escrito.
- D) Unha vez asinado o consentimento polo médico e o paciente, este ten dereito a negarse ao tratamento de maneira verbal.

